ANUNCIO ACTA Nº 2

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, C1.

CONCELLO DE PONTEDEUME

SESIÓN 06/11/2026

Atendendo á convocatoria feita polo presidente do Tribunal, reúnense os membros do Tribunal sendo as 12.00 horas do día 06 de novembro de 2026, na Casa do Concello, para a corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, segundo os exercicios realizados o pasado día 19 de outubro e segundo o indicado nas bases da convocatoria, así como nas instrucións entregadas.

...//...

En consecuencia co anterior desglose de puntuacións os exercicios considerados aptos son os seguintes:

Código aspirante	Puntuación total primer exercicio
1001 – a - 3057	5.75
1001 – a - 3101	6.15
1001 – a - 3143	7.75
1001 – a - 3144	5.25
1001 – a - 3187	5

Unha vez finalizada a corrección determínase a concesión dun prazo de **3 días hábiles para presentar reclamacións** ante o Tribunal, segundo o que establecen as bases da convocatoria, contados a partir do dia seguinte ao da publicación.

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante **publicación no taboleiro de anuncios deste concello (taboleiro electrónico: https://sede.pontedeume.gal).**

Asímesmo, se determina a **apertura de sobres de anonimato en acto público, para o vindeiro día 13 de novembro ás 08.30 horas** na Secretaría da Casa Consistorial do concello de Pontedeume, segundo andar.

CVD: mcV4QMEqv9Rpk59uHS0+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Para finalizar, se determina a **data do segundo exame para o vindeiro día martes, 17 de novembro de 2026 ás 9.30 horas os membros do Tribunal para a preparación do exercicio e ás 11.00 horas os aspirantes no Salón de Sesións do concello de Pontedeume, Casa Consistorial, primeiro andar.**

b) Segundo exercicio: consistirá en realizar por escrito un suposto ou caso teórico-práctico relacionado coas materiasdo programa do anexo II. O suposto conterá ata un máximo de dez (10) preguntas curtas teórico-prácticas, relacionadas co mesmo, as que se deberá de dar resposta.

Para a resolución deste exercicio, as persoas aspirantes poderán usar normativa estatal e autonómica en documento papel, e poderán levar textos legais non comentados para a súa consulta. As persoas que integran o Tribunal teñen competencia para revisar o apoio documental das persoas aspirantes.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A duración máxima para a realización deste exercicio será de dúas (2) horas, podendo o tribunal determinar tempos inferiores se así o estima conveniente.

Puntuación máxima: 10 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos.

O tribunal acorda a lectura pública do segundo exercicio así como efectuar preguntas relacionadas coa resolución do caso práctico que sexan necesarias para a mellor corrección do mesmo, na data que se publicará ao efecto.

A secretaria

(Asinado dixitalmente)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica municipal, https://sede.pontedeume.gal/ no apartado: Verificación de documentos.

CVD: mcV4QMEqv9Rpk59uHS0+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/